

COMITÉ ORGANIZADOR - CIENTÍFICO

Dra. Vanessa García-Ciudad Young
Dra. Fátima Barcala del Caño

INFORMACIÓN XERAL

Sede das xornadas: Hotel Torres de Compostela
(Rúa Restollal, 24, El Pajonal)

O número máximo de asistentes é de 125 persoas.

Tódolos asistentes participarán en dous obradoiros de forma rotatoria en grupos de 25 persoas. Cada obradoiro terá unha duración de 3 horas.

A inscrición a estas xornadas e a asignación a cada obradoiro realizarase por rigoroso orde de recepción das follas de inscrición.

En todo caso, a data límite de presentación das follas de inscrición será o 1 de marzo de 2010.


A cota de inscrición para estas xornadas é de 150 €, que inclúe a asistencia ás sesións científicas, xantar de traballo e cafés de pausa.

O importe farase chegar mediante cheque nominativo á "Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria" xunto coa folla de inscrición.

Se alguén tivese feito o ingreso da cota de inscrición e non poidese participar nas xornadas por esgotamento das prazas, devolveráselle dito importe.

As follas de inscrición deberán ser enviadas xunto co talón correspondente a:

Congrega S.L.
Rosalía de Castro, 13 1º esq. 15004 A Coruña
Tel 981 216 416 · Fax 981 217 542
congresos@congrega.es



5 de marzo de 2010
Santiago de Compostela

SEDE
Hotel Torres de Compostela
Rúa Restollal, 24
El Pajonal

Organiza

Patrocina



Actividade declarada de Interese Sanitario



XII
xornadas_de_residentes
AGAMFEC

asociación_galega_de_medicina_familiar_e_comunitaria

5 de marzo de 2010
Santiago de Compostela

PROGRAMA

- 09:45 - 10:15 Recollida de acreditacións e café de benvinda
10:15 - 13:15 Obradoiros
13:15 - 13:45 Presentación oficial das xornadas
13:45 - 14:00 Presentación web TRAINMED.COM
Isabel Amo Mora
Xerente Marketing Institucional · Laboratorios Almirall
14:00 - 16:00 Xantar
16:00 - 19:00 Obradoiros

OBRADOIROS

A ALERXIA A TRAVÉS DO CINE

Mitos e realidades

Dra. Teresa Soto Mera

ALERGÓLOGA · XEFA DE SECCIÓN DE ALERGOLOXÍA

Complexo Hospitalario de Pontevedra

Dra. M^a Carmen Costa Domínguez

ALERGÓLOGA (MIR III) · Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña

OBXECTIVOS:

Sendo as enfermidades aléxicas cada máis prevalentes consideramos necesario facer crecer o interese dos Médicos de Familia pola Alergloxía xa que é unha patoloxía que non se estuda apenas nas Facultades de medicina. Pretendese a través da visualización de casos clínicos que os Médicos Residentes coñezan cómo abordar situacións similares e cómo e cando deben dirixilos ao especialista. Por outra banda trataremos de aclarar falsas concepcións da alerxia en xeral, no so entre a poboación xeral senón entre o propio persoal sanitario.

SOPORTE VITAL AVANZADO

Dr. Fernando Souto Mata

061 Galicia · Santiago de Compostela

Dra. Luisa Chayán Zas

061 Galicia · Santiago de Compostela

OBXECTIVOS:

Os obxectivos xerais son repasar os contidos teóricos e as técnicas necesarias para o manexo das patoloxías emerxentes que supoñen unha ameaza para a vida no medio extrahospitalario e durante o traslado ata o hospital. Os obxectivos específicos son establecer unha correcta categorización dos problemas dunha emerxencia e xerarquizar as accións terapéuticas segundo a gravidade e actualizar os coñecementos e refrescar as habilidades necesarias para o tratamento prehospitalario dos pacientes con parada cardiorrespiratoria ou traumatismo grave.

CÓDIGO ICTUS

Dr. Miguel Blanco González

NEURÓLOGO · Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

Dr. Manuel Rodríguez Yáñez

NEURÓLOGO · Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

Dra. Susana Arias Rivas

NEURÓLOGO · Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

OBXECTIVOS:

O ictus é a primeira causa de dependencia no noso medio. Nos últimos anos xurdiron opcións terapéuticas que permiten que a morbimortalidade diminúa de forma considerable. A maioría destas medidas baséanse na precocidade do diagnóstico e intervención por equipos especializados, o que levou a que nas diferentes áreas sanitarias desenvólvanse organigramas de atención protocolizada, CÓDIGOS ICTUS. O obxectivo deste curso é ver o protocolo de atención ao ictus urxente, código ictus, tratamento fibrinolítico e cuidados inmediatos na Unidade de Ictus. Así mesmo realízanse casos clínicos prácticos e estudos básicos ultrasonográficos.

DIABETES

Entre os ADOs e a insulina

Dr. Francisco Javier García Soidán

Médico de familia · Centro de saúde de Porriño · Pontevedra

OBXECTIVOS:

Proporcionar os conceptos teóricos necesarios para o tratamento do paciente con diabetes mellitus tipo 2 (DM2) no ámbito da Atención Primaria e a resolución de casos prácticos co fin de capacitar aos asistentes ao tratamento dos pacientes con DM2 na práctica clínica habitual.

IN VIDEO VERITAS

Como aprender de un mesmo

Dr. Francisco Javier Martínez Anta

Médico de familia · Centro de saúde de Meira · Lugo

Dra. Cristina Viana Zulaica

Médico de familia · Centro de saúde de Elviña · A Coruña.

Dr. Jesús Manuel Novo Rodríguez

Médico de familia · Centro de saúde A Milagrosa · Lugo

OBXECTIVOS:

Poñer de manifesto os aspectos comunicativos presentes nas consultas con pacientes e as técnicas que aplicamos para conducila. O uso de videograbacións permite basearse en feitos constatables e verificar os efectos de diversas intervencións. A metodoloxía utilizada permite que a aprendizaxe se desenvolva nun entorno de respecto e colaboración, que favorece a mellora das habilidades. É moi interesante que os participantes aporten as súas propias videograbacións, para traballar con casos propios nos que se aprecia o uso da entrevista clínica en situacións reais.

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

Don/a

.....

Enderezo

.....

Poboación

CP

Provincia

Tel

Fax

e-mail

Centro de traballo

Área Sanitaria.....

Ano de residencia.....

Por orde de preferencia, desexo asistir aos seguintes obradoiros:

1

2

3

4

5

A inscrición nestas xornadas require o abono de 150 € en concepto de reserva de praza mediante talón nominativo á "Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria" que deberá ser enviado xunto con esta folla de inscrición a:

Congrega S.L.
Rosalía de Castro, 13 1º esq.
15004 A Coruña

CONGREGA, S.L., en virtude da relación contractual con "AGAMFEC, asociación galega de medicina familiar e comunitaria", segundo establece o artigo 12 da L.O. 15/1999, actúa como encargado do tratamento dos datos dos participantes no evento e correspóndelle a "AGAMFEC, asociación galega de medicina familiar e comunitaria" a titularidade do ficheiro tratado con datos persoais. Neste sentido, o participante garante que os datos persoais facilitados son veraces e asume a obriga de comunicar a CONGREGA, S.L. calquera modificación nestes. Con base na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, o participante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose ao responsable do ficheiro, "AGAMFEC, asociación galega de medicina familiar e comunitaria", R/ Rosalía de Castro 13 1º esq, 15004 A Coruña, sempre acreditando, conforme a dereito, a súa identidade na comunicación. CONGREGA, S.L., en virtude da citada relación contractual, comprométese a tratar os datos de forma confidencial e exclusivamente coa finalidade de xestionar o evento no que o participante formalice inscrición. Así mesmo, garante que os medios de almacenamento e tratamento tanto físicos como electrónicos utilizados cumpren coas medidas de seguridade necesarias para asegurar a integridade e a confidencialidade dos datos persoais, en conformidade co disposto no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.